MATERIAL DE FORMACIÓN PARA PACIENTES E CIDADANÍA EN AVALIACIÓN DE TECNOLOXÍAS SANITARIAS

A Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias (ETS, do castelán Evaluación de Tecnologías Sanitarias) é a avaliación sistemática da eficacia, seguridade, custo-efectividade, e aqueles aspectos relevantes desde o punto de vista social e ético dunha tecnoloxía sanitaria para os pacientes, a cidadanía e o sistema sanitario.

Enténdese por tecnoloxía sanitaria calquera intervención que poida ser empregada para promover a saúde, previr, diagnosticar ou tratar enfermidades, ou para a rehabilitación ou os coidados a longo prazo. Por tanto, poden ser consideradas tecnoloxías sanitarias intervencións como programas educativos, técnicas diagnósticas, vacúas, fármacos, programas de cribado, dispositivos ou a organización dos servizos nos sistemas sanitarios.

A implicación dos pacientes e a cidadanía na ETS é importante posto que os pacientes teñen a experiencia única de convivir coas enfermidades e coñecen o impacto destas na súa calidade de vida. Poden achegar as súas preferencias, necesidades e colaborar na detección de tecnoloxías e na súa avaliación. Ademais, poden participar como pacientes individuais ou como representante de asociacións de pacientes coa enfermidade ou problema de saúde obxecto de estudo, e tamén poden participar coidadores ou familiares.

A través desta participación espérase que os pacientes e a cidadanía contribúan na análise do impacto das tecnoloxías sanitarias.

Estes materiais foron elaborados para formar a pacientes e cidadanía para participar nos procesos de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias. No desenvolvemento destes materiais, participaron persoas das axencias e unidades da RedETS, en colaboración con asociacións de pacientes e cidadanía de maneira individual.

DOCUMENTOS RELACIONADOS

Texto completo

Exportar cita